

ACTA

REUNIÓN ORDINARIA DE XUNTA DE GOBERNO:

DATA: mércores, 25 de xaneiro de 2023

HORARIO: 17.30h – 20.00h

LUGAR: Rúa Dublín, nº6 Santiago de Compostela – A Coruña / Sede do COTSG
– vía zoom

RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES PRESENCIAL:

Ana Vilar Varela (Vicepresidencia)	Cristina Díaz Mira (Vogal)
Antonio Doval Canabal (Tesouraría)	Elena Gómez Fernández (vogal)
Laura Zapata Criado (vogal)	Nerea Fernández Gómez (Técnica COTSG)

RELACIÓN DE PERSOAS ASISTENTES ONLINE:

Ana María Rodríguez Fernández (Secretaría)
María Rosario Capelo Casas (Vogal)

RELACIÓN DE PERSOAS AUSENTES:

Pablo Antelo García *delega o seu voto* en Cristina Díaz Mira
Miriam Rodríguez Sierra *delega o seu voto* Ana María Rodríguez
Fernández Adriana Vieites Freire (Vogal)

1. Aprobar, se procede, a acta da Reunión Ordinaria do 28.12.2022 e da do 19.12.2022

A Xunta de Goberno aproba ambas actas por unanimidade

2. Informar sobre os acordos da Asemblea de Unión Profesional

Ante a ausencia de Miriam Rodríguez, Antonio Doval indica que este punto se adiará para a vindeira sesión ao non ser urxente.

3. Escrito das T.S do rural

As e os traballadores sociais de diversos concellos rural galego remiten un escrito expoñendo as necesidades e propostas que veñen observando no Servizo de Axuda no Fogar (SAF). A Xunta de Goberno indica que o SAF precisa de reivindicacións conxuntas desde unha visión global, tanto urbana como rural. Ademais, Cristina Díaz informa da reunión mantida co grupo de traballo de SAF na que se falou deste escrito e de todas as incidencias e problemáticas que está a ter o servizo, engadindo os acordos que se lograron:

- Abrir un documento específico no google drive para recoller as necesidades detectadas no servizo.
- Convocar á mesa de expertas de SAF para continuar a traballar no modelo de pregos e ordenanzas.
- Visualizar a través dos medios de comunicación/campañas a situación precaria do Servizo SAF.

Pois ben, respecto á resposta ao escrito enviado, a Xunta de Goberno acorda o seguinte:

- Convidar a formar parte do Grupo de Traballo de SAF e da mesa de expertas para unir sinerxías e esforzos na problemática existente a nivel xeral
- Participar no escrito que se enviará a Inspección engadindo a peculiaridade do rural galego e sumándose ás reivindicacións comúns.
- Entrevista no BLOG do COTSG para visualizar as problemáticas que trasladan a través do escrito.

4. Orzamento novo das axendas tras a tardanza nos tempos pola empresa Sacaúntos

Tras solicitarlle á empresa “Sacaúntos” un orzamento novo onde reflexase os retrasos nas axendas, remíteno cun desconto de 1013.94€, polo que o custe total das axendas serían 9.490,48€ .

Ademais, a Xunta de Goberno acorda que no futuro, ante situacións similares, se realice un contrato de prestación de servizos con cláusulas específicas e concretas.

5. Regular o uso dos medios de comunicación da Xunta de Goberno: Whatssap, mail, mail...

A Xunta de Goberno acorda simplificar as canles de comunicación utilizando o Whatssap soamente para avisos urxentes, sendo o correo corporativo a canle principal de comunicación.

Ademais, a técnica Nerea Fernández enviará, como recordatorio, un correo a todas as integrantes da Xunta de Goberno con todos os correos corporativos e principais de comunicación.

Por último, acordan enviar para maior transparencia os resultados dos votos e das persoas votantes da votación asincrónica do pasado 18 de xaneiro.

6. Establecer criterios para gastos de desprazamento e aloxamentos

A Xunta de Goberno acorda elaborar unha proposta, seguindo o modelo do Consello Xeral, para sistematizar e ter criterios comúns para regular a asistencia eventos, actos e/ou xornadas. Será presentada na vindeira sesión de Xunta de goberno.

7. Informar sobre o Comité de Ética e os acordos da Comisión Deontolóxica

Elena Gómez e Ana Vilar informan da reunión mantida coa Comisión Deontolóxica, onde acordaron liderar a creación do Comité de Ética plasmado na modificación da Lei de Servizos Sociais. Engadiron que traballarán en conxunto un documento coa proposta onde estean clarificados os obxectivos, porcentaxe de profesionais que o integren e o procedemento da mesma.

Para elaborar esta proposta de Regulamento do Comité de Ética, buscarase exemplos noutras comunidades autónomas que xa dispoñan de Comités.

Ademais, Elena expón os puntos tratados no II encontro do Consello Xeral con colexios que dispoñen de comisión deontolóxica, finalizando coa necesidade de que desde o Colexio profesional exista formación para as colexiadas nesta materia en concreto.

8. Informar sobre o desenvolvemento da Gala do Día Mundial

Ana Rodríguez informa da reunión mantida coas organizadoras da “Tropa Produce” onde nos solicitan:

- Posibles patrocinadores
- Institucións/organismos convidados
- Marca e deseño da gala para trasladar á deseñadora a idea e elaborar un logo que identifique o evento.

A Xunta de Goberno indica que o que desexan expresar na gala ten que ver coa esencia da profesión, co acompañamento e as relacións humanas, a

interacción, a ética e a xustiza social. Engaden que o logo elaborado ata o momento, dourado, sinxelo e minimalista, é unha boa partida para comezar a desenvolver a idea.

Ademais, Rodríguez indica que está operativo un documento en google drive no que poden engadir patrocinadores e persoas convidadas.

9. Formación

A Xunta de Goberno acorda o seguinte:

- A FEGAMP solicita un curso ao colexio profesional. Acordan ofertar un curso de Supervisión a cargo da profesional Lola Urraca
- Efectuar o curso “Traballo Social Ecosocial” con Marta Pernas na cidade de Ourense
- Ante os abandonos nos cursos gratuítos e financiados, acordan engadir dúas cláusulas:
 - indicar que o abandono do curso (se non fose por causa maior xustificada) non permitirá acceder a formación subvencionada durante ese ano.
 - Recomendar ter, nas sesións online, a cámara acesa .
- Revisar a proposta formativa sobre protección de menores enviada por Emma Seoane e Marta Pintos para engadir a visión do traballo realizado polos servizos sociais comunitarios.

10. Aprobar, se procede, as listaxe definitivas de profesionais en distintos campos do Traballo Social .

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade as listaxes definitivas de profesionais.

11. Rogos e Preguntas

- Acordan que Ana Rodríguez acuda aos grupos de Traballo do Observatorio contra a Violencia de Xénero da Xunta de Galicia.

- Elena solicita un reparto de tarefas máis equitativo de toda a Xunta de goberno para unha menor sobrecarga para as/os integrantes.
- Rosi informa da comunicación de Malena Puñal na que comunica a decisión de darse de baixa na Mesa de Redacción de Fervenzas, xa que, coa incorporación de Diana Escobar á Universidade de Santiago de Compostela serían 2 as profesionais que de esta institución na citada Mesa. E segundo o Regulamento en vigor a USC ten so unha/un representante.

Atendendo á figura indispensable que supón esta colexiada na mesa de redacción, a cal pertence desde hai máis de 25 anos, a Xunta de Goberno acorda poder ofrecerlle algún cargo honorífico que permita seguir formando parte da mesma.

Rosi acorda ser a responsable de conversar con ela respecto a este punto.

- Antonio Doval indica que, tras ter enviado 2 cartas ás persoas morosas máis históricas requirindo a débeda pendente, 18 cartas foron devoltas con acuse de recibo. Polo tanto, tal e como se acordara en anteriores Xuntas de goberno, procederase ás 18 persoas proceder á vía xudicial.
- A Técnica Nerea Fernández recorda que en maio serán eleccións municipais e da necesidade de elaborar propostas políticas desde o COTSG. Elena expresa o seu desexo de formar parte na Comisión que se creará para comezar este proxecto, ademais da necesidade de contar coas integrantes de defensa da profesión: Cristina Díaz, Adriana Vieitez e Pablo Antelo. Nerea contactará con Pablo e Adriana para preguntarlles a súa dispoñibilidade.

ALTAS E BAIXAS

BAIXAS

3932	3507
3483	4058
2085	3946
2656	2041

ALTAS

4346	
4347	4356
4348	4357
4349	4358
2911	4359
2060	4360
4350	
4351	
4352	
2511	
4353	
4354	

4355

3488

Total de persoas colexiadas: 3282

Visto e prace:



A Presidenta Accidental



A Secretaria

